UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Sistemas políticos comparados | | | Código | 615G01202 | |
| Titulación | | | | | | |
| Descriptores | | | | | | |
| Ciclo | Período | | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 2º cuadrimestre | | Segundo | Formación básica | 6 | |
| Idioma | Castelán | | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | | |
| Departamento | Socioloxía e Ciencias da Comunicación | | | | | |
| Coordinación | Miguez Gonzalez, Santiago | | Correo electrónico | santiago.miguez@udc.es | | |
| Profesorado | Miguez Gonzalez, Santiago | | Correo electrónico | santiago.miguez@udc.es | | |
| Web | http://www.sociologia.udc.es/ | | | | | |
| Descrición xeral | O principal obxetivo desta materia é proporcionar coñecemento relevante sobre os sistemas políticos contemporáneos, con especial énfase na súa recente historía e situación actual, desenvolvendo capacidades para o estudio comparado. Seguindo varios modelos de análise das diferentes dimensións dos rexímenes políticos (institucións, procesos políticos, cultura política, etc.) prestase especial atención aos rexímenes democráticos occidentais pero tamen. faise unha aproximación a realidade actual dos rexímenes políticos doutras rexións (America Latina, Africa etc.). | | | | | |

| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos. Non se realizarán cambios<br><br>2. Metodoloxías<br>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br>Proba obxectiva.<br>Traballos tutelados.<br>Estudo de casos.<br>Lecturas.<br><br>*Metodoloxías docentes que se modifican<br>Sesión maxistral. Pasaría a Aula virtual con Teams<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br>- Correo electrónico. Diariamente para consultas, propostas e suxerencias para encontros virtuais e para o seguimento dos traballos tutelados.<br>- Moodle. Diariamente. Sesiones de Chat. Foro de novas. Foros de actividade específica. Foro aberto para intercambio de información e debates.<br>- Teams.<br>A) Unha sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade<br>B) De 1 a 2 sesións semanais (ou mais segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (ate<br>6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?.<br><br>4. Modificacións na avaliación.<br>Serán as mesmas que figuran na guía docente agas as referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesións presenciais ate o momento da suspensión das mesmas. Non tera efecto o anterior para o alumnado con dedicación parcial e con dispensa académica de asistencia<br><br>*Observacións de avaliación:<br>Para o alumnado con dedicación completa mantense o plan de evaluación continua a través de Moodle e Teams. Para o alumnado a tempo parcial as probas e tareas poderán reemplazarse por probas on-line en Moodle.<br><br>REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:<br>Asistir e participar regularmente nas actividades da clase.<br>Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (tareas, traballos tutelados e probas on-line).<br>Entregar e expoñer os traballos tutelados na data que se indique.<br>A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño.<br>A 2ª oportunidade consistirá nunha proba on-line e as tareas e os traballos tutelados teranse en conta na nota final.<br><br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía<br>Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo en Moodle. |
|---|---|

| Competencias do título | |
|---|---|
| Código | Competencias do título |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Describir e analizar os diferentes elementos que compoñen os principais sistemas políticos contemporáneos. | A10 | | |
| Recoñecer a complexidade dos procesos políticos nos rexímenes democráticos actuais e saber aplicar instrumentos analíticos adecuados e de uso común nos estudos de ciencia política | | B27 | |
| Coñecer e saber empregar os principais recursos na procura de información en diferentes fontes secundarias para a análise das diferentes dimensións dos sistemas políticos actuais. | A17 | | |
| Saber empregar axeitadamente e de forma crítica a información recollida nas principais fontes de información (bibliotecas, internet,etc) para levar un análise comparativo dos reximemes políticos actuais. | | B5 | |
| Saber manexarse cos principais recursos e aplicacions para conseguir datos secundarios fiables | A17 | | C3 |
| Demostrar un dominio básico dos instrumentos de comparación específicos da ciencia política | A15 | | |
| Saber levar a cabo unha analise comparativa das principais institucions políticas dos rexímenes democráticos actuais | A8 | | |
| Presentar axeitadamente un traballo de análise comparado realizado individualmente ou en grupo | | B12 | |
| Saber interpretar a situación actual dos sistemas políticos seguindo unha análise sistemática. | | B3 | |
| Recoñecer e saber empregar os principais indicadores que conforman a cultura política | | | C4 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| 1. O análise comparado e a teoría política | 1. A política como obxecto de estudo.<br>2. Natureza e caracteres do método comparado.<br>3. Antecedentes. Platón: A república. Aristóteles: A política. Maquiavelo: O príncipe. Montesquieu: O espíritu das leis. Tocqueville. A democracia en América.<br>4. A revolución behaviorista.<br>5. Novos enfoques. Formulación de teorías e análise empírico.<br>6. Tipos de estudo. Casos e variables. Causalidade: condicions necesarias condicions suficientes.<br>7. Clasificacions e tipoloxías.<br>8. Recursos e principais fontes de información. |
| 2. Os sistemas políticos do mundo | 1. A política como variable independente.<br>2. A teoría de sistemas aplicada ao análise político.<br>3. Elementos dos sistemas políticos: actores, institucions e cultura política.<br>4. A dinámica do sistema político.<br>5. Institucions extractivas vs. inclusivas.<br>6. Tipoloxías de sistemas políticos: democracias, rexímenes autoritarios e tipos híbridos. Distribución por áreas xeográficas.<br>7. Globalización e política. |
| 3. Rexímenes autoritarios e sistemas híbridos | 1. Definicions e tipoloxías: dictaduras, autoritarismos tradicionais e modernos e sistemas totalitarios.<br>2. Metodoloxía e elementos teóricos para o estudo dos sistemas non democráticos.<br>3. Do autoritarismo á democracia: apertura, liberalización e democratización.<br>4. Excursus sobre o franquismo e a transición a democracia en España. |
| 4. As democracias. Definición, antecedentes e requisitos | 1. Participación e democracia.<br>2. Democracia directa e democracia representativa. Mandato imperativo e mandato representativo.<br>3. Antecedentes históricos. A democracia ateniense.<br>4. Os sistemas democráticos actuais. Definición mínima: a democracia como método.<br>6. Requisitos: participación, oposición, dereitos e libertades.<br>7. Medicions do grao de libertade e da calidade das democracias. |
| 5. Democracias mayoritarias e democracias de consenso | 1. Democracias mayoritarias versus democracias consensuais.<br>2. O modelo mayoritario no Reino Unido e Nova Zelanda.<br>3. O modelo consensual en Suiza e Bélxica. |

| | |
|---|---|
| 6.Sistemas de partidos. Modelos bipartidistas e multipartidistas | 1. O número efectivo de partidos.<br>2. As dimensións do conflito partidista.<br>3. Perspectiva comparada. |
| 7. Sistemas electorais | 1. Elementos dos sistemas electorais.<br>2. Modelos maioritarios e proporcionais.<br>3. O sistema electoral do Reino Unido.<br>4. O sistema electoral dos Estados Unidos de Norteamérica.<br>5. O sistema electoral da República Francesa.<br>6. O sistema electoral de España.<br>7. O sistema electoral da República Federal Alemana.<br>8. O sistema electoral da República Italiana. |
| 8. Modelos de poder executivo | 1. Teoría das coalicións.<br>2. Incentivos para a formación de gabinetes de minoría e sobredimensionados.<br>3. Perspectiva comparada. |
| 9. Relacións entre o executivo e o lexislativo | 1. Formas de goberno parlamentario e presidencial.<br>2. Separación de poderes e equilibrio de poder.<br>3. Perspectiva comparada. |
| 10. División do poder. Estados federais e unitarios | 1. Os contrastes federal-unitario e centralizado-descentralizado.<br>2. Institucions dos Estados federais.<br>3. Perspectiva comparada.<br>4. España e o modelo autonómico |
| 11. Parlamentos | 1. Unicameraliamo e bicameralismo.<br>2. Variedades do bicameralismo.<br>3. Perspectiva comparada. |
| 12. Constitucions: procedementos de enmenda e revisión xudicial | 1. Constitucións escritas e non escritas.<br>2. Constitucións flexibles e ríxidas.<br>3. Revisión xudicial.<br>4. Rixidez constitucional e revisión xudicial.<br>5. Perspectiva comparada. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias** | **Horas presenciais** | **Horas non presenciais / traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Sesión maxistral | A8 A10 A17 C4 | 40 | 0 | 40 |
| Proba obxectiva | A8 A10 B3 B27 | 5 | 30 | 35 |
| Traballos tutelados | A15 A17 B3 B5 B12 C3 | 12 | 28 | 40 |
| Estudo de casos | A17 B3 B5 C3 | 6 | 10 | 16 |
| Lecturas | B3 B5 | 6 | 10 | 16 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | Exposición impartida polo profesor/a baseada no uso da palabra e apoiada en materiais gráficos e resumos informativos. |
| Proba obxectiva | Proba escrita utilizada para a evaluación do aprendizaxe. |

| | |
|---|---|
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade sobre a súa aprendizaxe.<br>Consistirá na presentación dun traballo escrito de extensión non superior a quince páxinas de texto pero que poderá incluir anexos con datos, taboas, figuras, etc sen límites de extensión. |
| Estudo de casos | Análise da información obtida en portais de Internet sobre dereitos políticos, libertades e actitudes e valores en varios paises |
| Lecturas | Lectura de varios textos de autores clásicos e actuais sobre método comparado, formas de estado e institucións políticas |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Proba obxectiva<br>Traballos tutelados<br>Estudo de casos | A atención personalizada ao alumno realizarase en relación co conxunto de actividades que comprende a materia. Dita atención prestarase na resolución de dúbidas que poidan xurdir durante na realización das lecturas, o estudo de casos e os traballos tutelados. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Proba obxectiva | A8 A10 B3 B27 | Proba de avaliación global sobre os contidos da materia que se realizará ao final do curso | 65 |
| Traballos tutelados | A15 A17 B3 B5 B12 C3 | Traballos escritos realizados de forma individual ou en grupo adicados a analizar aspectos relevantes dos sistemas políticos obxecto de estudo e presentados cunha metodoloxía comparativa | 25 |
| Lecturas | B3 B5 | Lectura de varios textos de autores clásicos e actuais sobre método comparado, formas de estado e institucións políticas | 5 |
| Estudo de casos | A17 B3 B5 C3 | Análise da información obtida en portais de Internet sobre dereitos políticos, libertades e actitudes e valores en varios paises | 5 |

**Observacións avaliación**

1) Asistencia
e participación na clase.  A asistencia a clase é obrigatoria nos estudos de grao.  A participación na clase terase en conta para subir a nota.
2) Traballos tutelados de fin de curso.  Supoñen a posta en práctica dos coñecementos teóricos e poden representar ata o 25 % da nota final da asignatura. Entreganse pola plataforma Moodle en formato PDF unha semana antes do exame final. As normas para a sua realización e os principais recursos de Internet podense consultar na plataforma Moodle.
3) Estudo de casos e lecturas. Aos efectos da evaluación continua faranse probas presenciais e a nota media das mesmas pode representar ata un 10% da calificación final

4) Exames.  Haberá un exame parcial voluntario e liberatorio que tera lugar unha semana antes das vacacións da Semana Santa. Para superar a materia e imprescindibel aprobar o
examen final oficial. A nota do exame final, ou a nota media no caso de ter aprobado o parcial, representará o 65% da nota final.

Segunda
oportunidade:  Os traballos de fin de curso son válidos nesta
convocatoria. Os/as  que non foran quen
de aprobar os traballos de fin de curso poderán volver a presentalos seguindo as indicacions do
profesor.

**Fontes de información**

| | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - LIJPHART, A. (2012). Modelos de democracia. Formas de gobierno y resultados en treinta y seis países. Barcelona, Ariel.<br>- CARAMANI, D. (2017). Comparative Politics. Oxford, Oxford University Press<br>- DURAN CENIT, M., y Inmaculada SZMOLKA VIDA(eds.)A (2015). Política comparada y sistemas políticos: operando con datos e indicadores. Granada, Universidad de Granada<br>- SIAROFF, A. (2019). Comparative European Party Systems. An Analysis of Paliamentary Elections Since 1945. London and New York, Routledge<br>Na plataforma Moodle están disponibles as leccións e materiais complementarios (informes, lecturas, exercicios prácticos, etc.), incluindo unha exhaustiva relación de sitios web e varios tutoriais para a búsqueda da información necesaria para a preparación dos traballos tutelados e das tareas de entrega obligatoria. |
| **Bibliografía complementaria** | - Acemoglu, D. y James A. Robinson (2012). Por qué fracasan los países. Los orígenes del poder, la prosperidad y la pobreza. Barcelona, Deusto<br>- DELGADO, I., P.CHAVARRI Y P. OÑATE (2002). Sistemas de organización política contemporánea. Madrid, UNED.<br>- Gandhi, J. y Rubén Ruíz Rufino (eds.) (2015). Routledge Handbook of Comparative Political Institutions. Oxon, Routledge<br>- Goodin, R. y Hans-Dieter Klingemann (eds.) (2001). Nuevo manual de Ciencia Política. Madrid, Istmo.<br>- Hague, R. y Martin Harrop (2013). Comparative Government and Politics. Hampshire, Macmillan Publishers<br>- HERRON, ERIK S., ROBERT J. PEKKANEN AND MATTHEW S. SHUGART (Eds.) (2018). The Oxford Handbook of Electoral Systems. New York : Oxford University Press<br>- Landman, T. (2011). Política Comparada. Madrid, Alianza<br>- Meredith,M (2011). Africa. Una historia de 50 años de independencia. Intermon-Oxfam<br>- O'Neill P.H. (2013). Essentials of Comparative Politics. New York, W.W. Norton<br>- PASQUINO, G.  (2004). Sistemas políticos comparados. Francia, Alemania, Gran Bretaña, Italia y Estados Unidos. Buenos Aires, Prometeo<br>- Sánchez Melero, G. (2014). Sistemas políticos en Europa. Valencia, Tirant Lo Blanch<br>- Sánchez de Dios, M. (2012). Política Comparada. Madrid, Síntesis |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| Estatística aplicada ás ciencias sociais 1/615G01101<br>Introdución á ciencia política e da administración/615G01106<br>Hª política e social contemporánea/615G01109 |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |
| Unha aprendizaxe sustentabel, non sexista  e integradoraNas actividades que se leven a cabo nesta materia respetaranse<br>as normas da sustentanbilidade, igualdade de sexos e  integración das persoas por razóns físicas,<br>sensoriais, psíquicas ou socioculturais.Sustentabilidade.- A entrega dos traballos documentais realizarase en<br>formato dixital e a través de Moodle. - Cando se empregue papel, aconsellase que sexa reciclado<br>e con formatos de impresión sinxelos e a doble cara. - Evitarase a impresión innecesaria de borradores.- Non se admitirán traballos con elementos plásticos<br>(portadas, carpetas, etc).Igualdade<br>por razóns de xénero/sexo- Evitaranse<br>actitudes e expresións sexistas   Integración<br>das persoas con problemas por razóns físicas, psiquicas ou socioculturales.- Daraselles<br>o apoio necesario tanto nas actividades programadas como na aprendizaxe en<br>xeral da materia.  |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías